



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A CASA DE GALICIA EN LAS PALMAS DE GRAN CANARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Casa de Galicia en las Palmas de Gran Canaria o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a realización das obras de reparación da sede social da Comunidade Galega Casa de Galicia en Las Palmas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Casa de Galicia en Las Palmas é unha entidade sen ánimo de lucro fundada no ano 1951 co obxecto de enaltecer o vivo recordo de Galicia, a axuda aos seus paisanos, potenciar os lazos de amizade, de convivencia e de irmandamento permanente entre Canarias e Galicia; e a organización de actividades e eventos sociais, culturais, deportivos e benéficos. Actualmente conta cun total de 222 socios, dos que 122 son galegos. Ten recoñecida a Galeguidade ao abeiro da Lei 7/2013 da Galeguidade, e está inscrita no Rexistro da Galeguidade como Comunidade Galega.





A entidade conta cun inmoible da súa propiedade situado no número 8 da rúa Salvador Cuyas en Las Palmas de Gran Canaria, e foi concebido como un acolledor lar galego, sempre o espello fiel e oficioso consulado en representación de Galicia e dos intereses dos galegos en Canarias.

Debido a un incendio fortuíto acaecido recentemente na cociña do restaurante calcinou unha parte importante do edificio quedando totalmente destruídos os locais adicados a actividade propia da entidade o que impediu continuar co desenvolvemento das súas actividades. Esta ciucunstancia fai preciso que a entidade leve a cabo obras urxentes para a reparación da súa sede, co obxecto de que poida seguir funcionando e desenvolver as actuacións que corresponden de acordo co seu obxecto social.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela a 11 de setembro de 2017.

